



Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

Estatutos

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo 1. Coa denominación de “**Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial**” –en adiante denominada Asociación– constitúese unha entidade ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias, con capacidade xurídica propia e independente e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. O fin da Asociación é o fomento do coñecemento da industria nas súas abas técnica, arqueolóxica, histórica, económica, sociolóxica, ambiental e historiográfica. Para a consecución deste fin, a Asociación ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- 1) A investigación do patrimonio industrial (arqueolóxico, antigo, moderno e contemporáneo), da historia industrial, da economía industrial, da socioloxía industrial e da historiografía industrial.
- 2) A difusión por calquera medio do coñecemento do dito patrimonio industrial, da historia industrial, da economía industrial, da socioloxía industrial e da historiografía industrial.
- 3) A recuperación, a rehabilitación, a construción e a reconstrución material, así como a defensa e a promoción, do dito patrimonio industrial.
- 4) O inventario do patrimonio industrial e a xestión do coñecemento do mesmo, aínda nos seus aspectos técnicos, arqueolóxicos, históricos, económicos, sociolóxicos, ambientais e historiográficos, xa con medios informáticos ou telemáticos, xa por calquera medio en soporte tradicional.
- 5) A organización ou realización de estudos, xornadas, seminarios, cursos e eventos en xeral cara a consecución dos fins indicados.
- 6) O patrocinio, a preparación, o deseño, a edición e a distribución de publicacións en calquera tipo de soporte para a consecución dos fins indicados.
- 7) Calquera outra actividade encamiñada á divulgación e consecución dos fins anteriormente citados.

Artigo 4. A Asociación establece o seu domicilio social no lugar de A Revolta, Eirapedriña, s/n, 15895 Bugallido, Ames (Coruña), e o seu ámbito territorial principal, no que vai desenvolver as súas actividades, abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia, podendo asemade realizar eventualmente tales tarefas no resto do Estado Español, en calquera outro país da Unión Europea e aínda en calquera outro país fóra dos que constitúen a dita Unión Europea.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 5. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro, así como vogais, no seu caso. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos mais non onerosos. Éstos cargos serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de tres anos.

Artigo 6. Ditos cargos poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas ou por expiración do mandato.



Artigo 7. Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos até o momento no que se produza a aceptación dos que lles substitúan, porén podendo eles mesmos ser renovados no cargo.

Artigo 8. A Xunta Directiva reunirse cantas veces determíneo o seu Presidente e a iniciativa ou petición de dous dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 9. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 10. O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 11. O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el.

Artigo 12. O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións co Visto e Prace do Presidente, levará os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbles aos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 13. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordenes de pago que expida o Presidente.

Artigo 14. Os Vogais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta encoméndeas.

Artigo 15. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre devanditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

CAPÍTULO III ASEMBLEA XERAL

Artigo 16. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

Artigo 17. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias



celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 18. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea haberán de mediar polo menos quince días.

Artigo 19. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas calquera que sexa o número de asociados, presentes ou representados, con dereito a voto. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Porén será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen á metade destas, para:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas e administradores.
- b) Acordo para constituír unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 20. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixar as cotas de entrada e as periódicas, ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración, de se-lo caso, dos membros dos órganos de representación, consonte o establecido no artigo 11.5 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e disposicións complementarias.

Artigo 21. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta motivada da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

CAPÍTULO IV

SOCIOS

Artigo 22. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, legalmente constituídas, con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación e que, previa solicitude, sexan admitidos pola Xunta Directiva.

Artigo 23. Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

- c) Socios protectores, que serán aqueles donantes de recursos económicos á Asociación ou aqueloutros que paguen cotas maiores das establecidas sen que elo lles xere maiores dereitos.
- d) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, fáganse acredores a tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Xunta Directiva.
- e) Socios colaboradores, nos que se incluírán aqueles que desexen participar nos fins da Asociación sen asumir tódalas obrigas do resto dos socios. En particular, gozarán dunhas cotas reducidas, diferenciándose entre os socios colaboradores individuais, os colectivos (asociacións, empresas, etc.) e os institucionais (grandes corporacións, entidades e administración públicas, etc.), e non virán obrigados á asunción das cotas extraordinarias que se puideran establecer pola Asociación.

Artigo 24. Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigacións económicas, se deixase de satisfacer as cotas periódicas ou calquera outra achega aprobada en Asemblea.

Artigo 25. Os socios fundadores, os de número e os protectores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins, e gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- b) Seren informados da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, así como acceder a toda a documentación asociativa a través da Xunta Directiva, e recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- c) Seren convocados para asistir ás Asembleas e participar nelas con voz e voto.
- d) Seren electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Seren escoitados con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra deles e a seren informados dos feitos que dean lugar a tales medidas. Deberá ser motivado o acordo que, de se-lo caso, impoña a sanción.
- f) Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estimaran contrarios á lei ou ós Estatutos.

Artigo 26. Os socios fundadores, os de número e os protectores terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Abonar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigacións inherentes ó cargo que ocupen.

Artigo 27. Os socios de honra terán as mesmas obrigacións que os fundadores e de número fóra das previstas nos apartados b) e d), do artigo anterior. Así mesmo, terán os mesmos dereitos fóra dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 25, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto. Os socios colaboradores beneficiaranse do acceso á información restrinxida da páxina web, así como da recepción da información das actividades da asociación e a redución das cotas nas actividades que puideran levarse a cabo, tanto por Buxa como por TICCIH España. Salvo indicación expresa e documentada en contrario, a relación de socios colaboradores poderá figurar nos documentos públicos de Buxa.

Artigo 28. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:



- a) As cotas dos socios, de entrada e periódicas, ordinarias ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas, naturais ou xurídicas.
- c) Calquera outro ingreso xerado polas actividades da Asociación no cumprimento dos seus fins e aínda calquera outro recurso lícito.

Artigo 29. A Asociación no momento da súa constitución carece de Fondo Social ou Patrimonio Fundacional.

Artigo 30. O exercicio asociativo e económico terá carácter anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO V DISOLUCIÓN

Artigo 31. A Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, por unha maioría de dúas terceiras partes dos asociados.

Artigo 32. No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido, destinarao para fins semellantes e que, en calquera caso, non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

En Santiago de Compostela, a 4 de maio do ano 2009

Manuel Lara Coira

Juan López Rico

Luis Lorenzo Mur

Jorge Andión López

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións acordadas na asemblea xeral de data 12 de marzo do 2009 e seguindo o procedemento establecido nos estatutos.

O Presidente:

Manuel Lara Coira

O Secretario:

Jorge Andión López



**REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS**

**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**
Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación 10350 A

Santiago de Compostela

15 MAI. 2009

A SECRETARÍA XERAL

Beatriz Cuiña Barja